

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 27 de xuño de 2008

### ASISTENTES:

#### Membros :

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

### NON ASISTEN:

D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia

### Invitados:

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro acctal, Sr. Calviño Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1019).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión 2 de xuño de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1020).- CONVALIDACIÓN DE ACTUACIÓNS E AUTORIZACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 298.000 € POLA SINATURA DO CONVENIO QUE REGULARÁ A “WORLD FISHING EXHIBITION VIGO 2009”.EXPTE. 4848/101.**

Con data 7 de maio de 2008, o técnico de administración xeral, xefe de Protocolo e RRPP, coa conformidade da concelleira delegada de Facenda, emite o seguinte informe proposta:

*Con data 23 de febreiro do ano que andamos e, por razóns de urxencia, co gallo de poñer en marcha o comité executivo da exposición devandita, asinouse convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e a World Fishing Exhibition, que regularía a organización conxunta deste magno evento no ano 2009.*

No texto proposto figuran 298.000 euros, como aportación municipal á organización en dous prazos a aboar, un de 120.200 euros pagaderos antes do 30 de maio do ano que andamos, que poderían ser cargados á partida 111.0.227.06.05 (PROGRAMAS DE ALCALDIA), e unha segunda cota pagadera no ano 2009 de 177.800 euros.

Asemade, inclúense como gastos a cargo do Concello a cea oficial do Comité de Honra e Comisión Organizadora que tería un custo aproximado de 70.000 euros, os gastos de instalación e presentación oficial e da cerimonia oficial da apertura, estimados en 50.000 euros.

Outros gastos adicionais serían asumidos con cargo ás partidas de Alcaldía.

Por todo isto, e habida conta da importancia ca pesca, construción naval e industrias auxiliares teñen para a economía da cidade de Vigo, e considerando a necesidade de potenciar a proxección desta industria fóra de Galicia, e, conscente de todo isto a Alcaldía, proponse a adopción do seguinte acordo:

1.- Convalidar as actuacións de gasto do convenio asinado con data 23 de febreiro do ano que andamos entre o Excmo. Concello de Vigo e a World Fishing Exhibition, que regulará a organización conxunta deste magno evento no ano 2009.

2.- Aprobar o gasto de 120.200 euros con cargo á partida 111.0.227.06.05 (PROGRAMAS DE ALCALDIA) para este ano 2008 e de 177.800 euros para o ano 2009, con cargo á partida a crear oportunamente dentro do programa de Alcaldía.

3.- Ambas cantidades, mentadas no apartado que precede deberán ser xustificadas mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, co gallo do aboamento da cantidade a consignar para o ano 2009, polo Comité do “World Fishing Exhibition”.

O interventor xeral, con data 11 de xuño, informa favorablemente o anterior informe-proposta.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(1021).- PROPOSTA PARA ACEPTAR A SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “SECCIÓN FOMENTO ECONOMÍA SOCIAL” POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 5253/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 23.06.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 18 de febreiro de 2008, aprobou a presentación do proxecto “Plan Local de Promoción do Cooperativismo de traballo asociado no Concello de Vigo” no que se solicitaba unha axuda financeira de 30.327,04 €, equivalente ao 80% do custo elexible da actuación que se executará ao longo do presente ano.

Con data 26 de maio de 2008 a Sr. conselleiro de Traballo da Xunta de Galicia, resolve conceder unha subvención de 15.100,00 €, coa referencia “Sección Fomento Economía Social, exp. C 67/08”, e o seguinte desglose por actividades:

- |   |            |
|---|------------|
| • Enquisa percepción cooperativismo     | 3.700,00 € |
| • Diagnose cooperativismo en Vigo       | 3.700,00 € |
| • Xornada                               | 2.000,00 € |
| • Foro economía social e cooperativismo | 2.000,00 € |
| • Elaboración documento do Plan         | 3.700,00 € |

Tendo en conta que por motivos de axuste orzamentario a axuda solicitada supera en 15.227,04 € á subvención máxima asignada, resulta necesario adaptar o contido do proxecto ao importe do presuposto aprobado.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do do seguinte acordo:

1. Aceptar a subvención concedida para o proxecto “Sección Fomento Economía Social, exp. C 67/08”, ao abeiro da orde do 19/12/2007 (DOG nº 249, 27/12/07), pola que se convocan subvencións aos concello de Galicia para a realización de actividades de fomento do cooperativismo.
2. Que por parte do servizo de Promoción Económica e Emprego, se proceda ao axuste do contido do proxecto ao presuposto aprobado, reducindo aquelas actividades do proxecto orixinal que se estime convinte.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### **4(1022).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE.21/1206, 11/1118.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Rosa M<sup>a</sup> Monteagudo de la Peña. Expte. 11/1118.
- D<sup>a</sup>. Antonia Fernández Castro. Expte. 21/1206.

#### **5(1023).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE- CONVOCATORIA 2008. EXPTE. 3420/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe da xefa do Servizo de Igualdade, do 12.06.08, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 4632.4890000 do vixente orzamento, as subvencións ás entidades para os programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2008 dentro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller”, por un importe total de setenta e sete mil novecentos noventa e cinco con setenta e dous (77.995,72€); costando no anexo I que se adxunta a relación de entidades, proxectos e subvencións concedidas.

2º.- Aceptar a renuncia presentada o 10 de xuño pola entidade AV Parada Maceiriña-Rúas e Fontes, CIF G36655942 á solicitude de subvención presentada no seu día para a execución dos proxectos “Teatro” e “Pandereta”.

3º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras do Programa aprobadas en Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2008:

a) Por non ter xustificado en tempo e forma as axudas outorgadas neste servizo do Concello de Vigo no ano anterior (punto 7 da Base Quinta):

.-Entidade: AVCD Consumidores e Usuarios de Lavadores. CIF: G36633618

.-Entidade: Unión Cívica Municipal Municipal Consumidores e Amas do Fogar. CIF: G36758167

b) Por non presentar no prazo requirido a documentación estipulada no punto 3 da Base Sexta:

.-Entidade: AVV Cristo da Victoria. CIF: G36622793

.-Entidade: AVV Pontenova Freixeiro. CIF: G36641710

c) Por considerar que o proxecto presentado ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello (punto 2 base 5ª)

.-Entidade: Asociación Multicultural de Mujeres. Proxecto: “III Foro social mundial sobre migracións” (Benestar Social) CIF:G27707405

.-Entidade: Club Deportivo Mosteiro Bembrive FS. (Deportes) CIF: G36886422

d) Por non estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (apartado a) Base 4ª)

.-Entidade: Vigo Squash. CIF:G36929511

e) Porque a finalidade do proxecto presentado está incluída nun convenio de colaboración coa Concellería de Igualdade. (punto 1 Base 5ª)

.-Entidade: Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres. CIF: G15773013

f) Por considerar que o proxecto presentado non reúne as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria (punto 8 Base 5ª)

.-Entidade: Empresarias da provincia de Pontevedra. Proxecto: “Asistencia a congresos”. CIF: G36710234

.-Entidade: Asociación Mulleres Cabral “Rosalía de Castro. Proxecto: “Encaixe de palillos”. CIF: G36688992

.-Entidade: AVV Camino Vello de Coia. Proxecto: “Estudo demográfico en Coia”. CIF: G36648186

.-Entidade: AVV Agarimo San Xoan Poulo . Proxecto: “ Obradoiro de arte floral otoñal e navideño”. CIF: G36641355

.-Entidade: Casa de Andalucía en Vigo. Proxectos: “Automaquillaxe” e “Arte e arranxo floral”. CIF: G36621290

g) Por considerar que os proxectos presentados teñen unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello (punto 2 base 5ª) e/ou non reúne as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria (punto 8 Base 5ª)

.- Entidade: Conferencia Intersindical Galega. Proxectos: “Campaña informativa sobre dereitos laborais para a igualdade e a conciliación” e “ Campaña informativa sobre a saúde laboral no embarazo, parto recente e lactación”. CIF: G36706927”.

#### **6(1024).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	08009998	1.500,00	1.361,38	138,62	----
BERNÁRDEZ GIL SELA	08002131	6.000,00	5.991,12	8,88	----
COMESAÑA ALÉN JUAN RAMÓN	08005041	4.000,00	3.981,80	18,20	----
DEL CASTILLO MARTÍN CARMELO	08004157	600,00	246,35	353,65	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08002931	12.000,00	11.521,65	478,35	----

ESPADA RE CAREY LUIS	08002932	1.000,00	489,72	510,28	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08002933	1.000,00	1.000,00	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08002934	1.000,00	871,08	128,92	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08002935	1.000,00	919,31	80,69	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08005334	300,00	295,61	4,39	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08009997	12.000,00	11.949,40	50,60	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	08010409	28.000,00	28.000,00	----	----
GÓMEZ JANEIRO MARIA	08012924	52,30	52,30	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08017067	48.007,00	48.007,00	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	08018314	1.000,00	1.000,00	----	----
OJEA PÉREZ IGNACIO	08002938	600,00	358,35	241,65	----
OLIVEIRA LÓPEZ IGNACIO	08017805	7.212,00	7.212,00	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	08012510	6.000,00	5.878,26	121,74	----
RODRÍGUEZ LAGO ELISA	08001541	500,00	346,14	153,86	----
RODRÍGUEZ LAGO ELISA	08012269	1.381,89	1.381,89	----	----
RODRÍGUEZ LAGO ELISA	08016098	205,23	205,23	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	08002125	3.000,00	2.895,15	104,85	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	08002126	1.000,00	997,24	2,76	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	08002127	1.000,00	903,53	96,47	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	08012511	7.831,44	7.831,44	----	----
SANROMÁN VARELA Mª JESÚS	08004168	120.000,00	119.977,00	23,00	----
		266.189,86	263.672,95	2.516,91	0,00

**7(1025).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS DE FORMACIÓN E COLABORACIÓN DO MUSEO MUNICIPAL DE VIGO “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 2885/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta de data 17 de xuño emitido polo director do Museo Quiñones de León, coa conformidade da concelleira-delegada de Patrimonio Histórico, presidenta da Xunta Reitora do Museo Municipal, visto o informe de fiscalización de data 23 de xuño, emitido pola técnica de Intervención coa conformidade do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Reaxustar a base terceira das de convocatoria no seguinte sentido: onde dí “cada bolsa terá unha duración de SETE (7) meses, non renovables nin prorrogables, durante o periodo 1 de MAIO –30 de NOVEMBRO de 2008; ámbolos dous incluídos;” deberá dicir “cada bolsa terá unha duración de SETE (7) meses, non renovables nin prorrogables, durante o periodo 1 de XULLO DE 2008 – 31 de XANEIRO de 2009; ámbolos dous incluídos.

Segundo.- Reaxustar as anualidades do gasto aprobado pola Xunta de Goberno Local; na súa sesión do 13 de marzo de 2008 imputando ao exercizo corrente DEZANOVE MIL DOUSCENTOS (19.200) euros; e TRES MIL DOUSCENTOS (3.200) euros ao exercizo 2009, para financiar as catro bolsas correspondentes ao mes de xaneiro.

Terceiro.- Adxudicar as bolsas de colaboración e formación do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, na súa convocatoria de 2008, a favor dos/as seguintes:

- María Dolores Álvarez Rey, NIF 36057345-S. Dpto de arqueoloxía.
- Xermán Darriba Barba, NIF 77005465-Q. Dpto de arqueoloxía
- Luz Pedrido Pérez, NIF 36133795-J. Dpto de arte.
- María Cristina González Larriba, NIF 70809473-V. Dpto de acción didáctica.

Cuarto.- Declarar a seguinte lista de suplentes; podéndose seguir nesa orde no caso de que se produzan vacantes, mediante acordo expreso do órgano de contratación; para realización das substitucións:

**A) ARQUEOLOXÍA.-**

NOME	APELIDOS	PUNTUACIÓN DEFINITIVA
ANDREA	SERODIO DOMINGUEZ	10,3
MARIA CRISTINA	GONZALEZ LARRIBA	5,9
MARÍA BELÉN	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	5,25
IRIA	CHAVES MOLEDO	4,2
MARIA DEL CARMEN	BARREIRO NOVAS	4
SUSANA	GARAZO POMBO	4
CLARA	RODRIGUEZ MARQUEZ	4
MONTSERRAT DE	ARAUJO BARROS	3
PABLO	GONZALEZ GIRALDEZ	3
SOLEDAD	OTERO SOMOZA	3
FABIOLA	RIVEIRO BOULLOSA	3
ALICIA	TARELA DOBARRO	3
ANTON	VAZQUEZ ESCUDERO	3
ALEJANDRO	VEIGA MOARES	3

**B) ARTE.-**

Nome	Apelidos	PUNTUACIÓN DEFINITIVA
JOSE LUIS	GOMEZ AMOEDO	13,7
FATIMA	SANCHEZ VARELA	7,8
MARIA CRISTINA	GONZALEZ LARRIBA	6,05
ASUNCION	TERROSO HERNANDEZ	6
MARÍA BELÉN	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	5,25
PABLO	GONZALEZ PAZ	4,5
MANUEL	ALVAREZ PEREZ	4
SUSANA	GARAZO POMBO	4
MARIA DE LOS ANGE	OTERO HERNANDEZ	4
CLARA	RODRIGUEZ MARQUEZ	4
MONTSERRAT DE	ARAUJO BARROS	3,5
NATALIA	AMORIN GIL	3
BEGOÑA	ANTE ALVAREZ	3
MIGUEL	BARROS OYA	3
MARTA	BESADA BENITEZ	3
ALBERTO SANTIAGO	CONDE ALVAREZ	3
OLALLA	EGUREN GARCIA	3
PATRICIA	FERNANDEZ MARIÑO	3
MARIA PILAR	GOMEZ GAGO	3
ELENA	GOMEZ GAGO	3
PABLO	GONZALEZ GIRALDEZ	3
GALA	GONZÁLEZ GONZÁLEZ	3
AMABEL	GONZALEZ TRONCOSO	3
BEGOÑA	HERMO RUIZ	3
TATIANA	LIBOREIRO GOMEZ	3
ANDREA	LOIMIL IGLESIAS	3
CAMIÑO BARBARA	MOLDES FERNANDEZ	3
SOLEDAD	OTERO SOMOZA	3
MARIA CONCEPCION	PELETEIRO PEDRAZA	3
SARA	VALCARCEL GIL	3

ENCARNA	VICENTE PIÑEIRO	3
LAURA	BARREIRA REBOREDO	2
MARIA EVA	COSTAS GALLEGO	2
ANGELES	RIAL BARBARA	2

**C) DIDÁCTICA.-**

Nome	Apelidos	PUNTUACIÓN DEFINITIVA
JOSE MANUEL	ALONSO RIOBOO	8,25
CLARA	RODRIGUEZ MARQUEZ	5,95
BÁRBARA	COTO DONO	5,85
MARÍA BELÉN	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	5,25
ALFONSO	FERREIRO MONTEAGUDO	5,25
PATRICIA	FERNANDEZ MARIÑO	5
LUCÍA	FORNO DÍAZ	4,95
JOSE LUIS	GOMEZ AMOEDO	4,6
MACARENA	FERREIRO SOTO	4,2
MANUEL	ALVAREZ PEREZ	4
CAROLINA	AMORIN GIL	4
BEGOÑA	ANTE ALVAREZ	4
MARIA DEL CARMEN	BARREIRO NOVAS	4
SUSANA	GARAZO POMBO	4
MARIA DE LOS ANGELES	OTERO HERNANDEZ	4
JULIO RAFAEL	PEREIRA BERNARDEZ	3,5
SUSANA	TEIXEIRA VAZQUEZ	3,2
M. MACARENA	ALONSO COMESAÑA	3
MIGUEL	BARROS OYA	3
MARTA	BESADA BENITEZ	3
OLALLA	EGUREN GARCIA	3
MARIA PILAR	GOMEZ GAGO	3
ELENA	GOMEZ GAGO	3
PABLO	GONZALEZ GIRALDEZ	3
GALA	GONZÁLEZ GONZÁLEZ	3
BEGOÑA	HERMO RUIZ	3
TATIANA	LIBOREIRO GOMEZ	3
ANDREA	LOIMIL IGLESIAS	3
NOELA ZELTIA	MARCOS MONTENEGRO	3
OSCAR	MOURIÑO COSTAS	3
SOLEDAD	OTERO SOMOZA	3
CARINA	PAZ PAZ	3
MARIA CONCEPCION	PELETEIRO PEDRAZA	3
SARA	VALCARCEL GIL	3
ENCARNA	VICENTE PIÑEIRO	3

Quinto.- Declarar a seguinte lista de non admitidos/as polos motivos expostos:

Nome	Apelidos	TIPO DE BOLSA	Motivo da exclusión
SABELA	VÁZQUEZ DÍAZ	DIDÁCTICA	FORA DE PRAZO
RITA	ESTÉVEZ GONZÁLEZ	DIDÁCTICA	FORA DE PRAZO
MARÍA	IGLESIAS RODRÍGUEZ	DIDÁCTICA-ARTE	FORA DE PRAZO

Sexto.- Dar conta ós/ás interesados e interesadas do presente acordo.

**8(1026).- EXPEDIENTE PARA ALLEAR 26 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2338/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado, do 25.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 26 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar-las bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

**9(1027).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDEFINICIÓN E MELLORA DAS FESTAS DE VIGO E CREACIÓN DA SÚA IDENTIDADE VISUAL. EXPTE. 2587/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, 23.05.08, conformado polo concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a E-Burbulla, S.A., CIF, A-70114681, o contrato de asistencia técnica para a redefinición e melloras das festas de Vigo e creación da súa identidade visual, polo importe de 29.995 euros cun prazo de execución de 30 días.

**10(1028).- DAR CONTA DA CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE EMERXENCIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PARA O ANO 2008. EXPTE. 5795/306.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**11(1029).- RECLAMACIÓN DE D. FÉLIX ÁLVAREZ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE POR DANOS. EXPTE. 1470/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.06.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*



- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RSCL).*
- *Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (LEF).*
- *Prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo (PCCSA).*

*Antecedentes:*

*D<sup>a</sup>. Félix Álvarez Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de febreiro de 2007, polos danos e prexuízos consecuencia dun accidente de circulación sufrido o día 21 de febreiro do mesmo ano cando a súa filla D<sup>a</sup>. Lara Álvarez González circulaba co seu vehículo matrícula PO-7536-AW polo vial Vigo- Universidade, á altura do punto quilométrico 4,2, por mor da existencia dunha focha na calzada xunto a unha arqueta de Aqualia.*

*A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 26/06/2007 e 24/10/2007, sobre o estado da calzada no lugar referido na reclamación e determinando que a competencia do mantemento da arqueta compételle a Aqualia.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 31/07/2007, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 02/10/2007, manifestando que os prezos contidos na factura de reparación do seu vehículo presentada polo reclamante son correctos.*
- *Cítase as testemuñas presenciais dos feitos para a práctica de proba testifical en data 28/02/2008, que non se pode practicar pola incomparecencia das testemuñas.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 26/03/2008, e non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciábel no patrimonio do Sr. Álvarez, que acredita cunha factura de reparación nun taller mecánico os danos sufridos no seu vehículo.*

Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sr. Álvarez procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre este dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a LBRL e 80.2.1 e 81 a LALGA). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O concesionario ten a obriga do mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo de abastecemento de augas e saneamento e a responsabilidade do seu funcionamento (cláusula 26 PCCSA), así como a de indemnizar a terceiros polos danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible (artigos 128.1 3ª RS e 121.2 LEF).

No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse ós servizos municipais por se tiveran constancia do accidente e citou a presunta testemuña presencial dos feitos para ratificarse na declaración xurada presentada e practicar unha proba testifical. No entanto, a Sra. Álvarez ó sufrir o presunto accidente non chamou á Policía local para que a autoridade pública tivera coñecemento dos feitos. Como nin ela nin o seu acompañante se presentaron ó ser citados en forma pola Administración municipal para a practica de proba testifical e o non presentarse este segundo tampouco foi posible que se ratificase na súa declaración xurada para darlle validez a mesma. Como proba dos feitos o Sr. Álvarez limitábase a presentar unhas fotografías da calzada onde presuntamente ocorreu o accidente, e a factura de reparación do seu vehículo nun taller mecánico, elementos que so proban que o seu vehículo sufriu determinados danos, pero que non permiten vincular ós mesmos ó funcionamento anormal do servizo de mantemento viario municipal nin do servizo de abastecemento e saneamento de auga.

Tras o exame da proba practicada, a informante conclúe que, se ben non existe dúbida de que o vehículo do Sr. Álvarez sufriu danos, non existe proba ningunha da súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Félix Álvarez Fernández, en data 28 de febreiro de 2007, polos danos e prexuízos consecuencia dun accidente de circulación sufrido o día 21 de febreiro do mesmo ano, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(1030).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. FELISA REDONDO RUANO DE RESPONSABILIDADE POR DANOS. EXPTE. 1455/243.DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.06.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

*Antecedentes:*

*D<sup>a</sup>. Felisa Redondo Ruano presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de febreiro de 2007, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 29 de setembro de 2006 cando camiñaba pola rúa Baixada a Salgueira, por mor do mal estado do pavimento da beirarrúa.*

*A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 21/02/2007.*
- *Práctica de proba testifical, en data 10/04/2007.*
- *Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 10/09/2007.*
- *Informe do Servizo da Policía Local, de data 21/09/2007.*
- *Evacuouse trámite de audiencia á reclamante, en data 17/09/2007, e non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión en calquera dos bens ou dereitos do afectado, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, existindo unha relación de causa a efecto entre a actuación administrativa e o resultado danoso.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano residenciable no patrimonio da Sra. Redondo, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa.*

*Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) . Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois a causa da súa caída estima que foi o mal estado do pavimento da beirarrúa, circunstancia esta corroborada tanto na proba testemuñal como polo Servizo de Vías e Obras municipal.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Tras o exame da proba practicada durante a instrución do expediente non existe dúbida da caída da Sra. Redondo, e consta tamén probado que a causa da mesma foi o mal estado da beirarrúa da rúa Baixada a Salgueira. Sen embargo, tal e como se aprecia nas fotografías que constan no expediente, a zona estaba en moi mal estado pois faltaban varias lousas. Esta zona en mal estado abarca unha superficie de 3 metros de longo e 30 cm de ancho, aproximadamente, segundo informa o servizo de Vías e Obras municipal, e na mesma fallan as lousas, polo que se aprecia a considerable distancia. Este extremo é confirmado polas testemuñas presenciais dos feitos. Así, o ser preguntadas polo instrutor sobre a existencia de defectos na rúa e a distancia á que podían apreciarse (pregunta nº 8), a testemuña nº 1 resposta “se miran bien” e a testemuña nº 2 “Si. Se ven porque la acera es muy conflictiva”. Esta ostensibilidade no tocante a presenza dun desperfecto na beirarrúa e a dilixencia que normalmente hai que manter ó transitar polos lugares públicos fan supor a informante que a Sra. Redondo non controlou adecuadamente o seu propio deambular, circunstancia que propiciou a súa caída. Trátase polo tanto dun accidente, dun feito fortuító e casual, totalmente alleo ó ámbito de responsabilidade da Administración, que a priori nos leva a concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal. É doutrina xurisprudencial reiterada que o carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non supón que a Administración teña que responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para ilo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención de terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso (STS Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6, de 30 outubro 2006). Podemos concluír, en consecuencia, que esta negligencia da Sra. Redondo no control do seu deambular rompe o nexo causal e non permite imputar a esta Administración a responsabilidade dos danos sufridos pola mesma.*

*Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.*

*En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. Felisa Redondo Ruano en data 14 de febreiro de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1031).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL DÍAZ SANTOS DE RESPONSABILIDADE POR DANOS. EXPTE. 1021/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.06.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

*Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*

*Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*

*Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*

*Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

*Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas (LCAP).*

*Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (Ltr).*

*Prego de condicións administrativas para a contratación mediante concurso da prestación dos servizos de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneis e pasos inferiores da cidade de Vigo (PCA).*

*Antecedentes:*

*D. Manuel Díaz Santos, en nome e representación de D. Manuel Díaz Albitos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de abril de 2006, no que expón que mentres circulaba o día 8 de abril de 2006 co vehículo propiedade do seu representado, matrícula 1700-CTK, polo Berbés na entrada do túnel de Beiramar, sufriu danos materiais no mesmo tras introducir unha das súas rodas nunha focha.*

*A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Informe do Inventario Municipal, de data 31/10/2006, no que indican que a vía na que ocorreu o accidente (avenida Beiramar) figura de alta no Inventario municipal como de titularidade pública.*

*Informe do servizo de Electromecánicos, de data 03/01/2007, no que indican que a U.T.E. IMES/ESYCSA é a concesionaria encargada do mantemento dos servizos e instalacións do túnel de Beiramar.*

*Evacúase trámite de audiencia á concesionaria UTE IMES/ESYCSA, que formula alegacións en data 02/02/2007.*

*Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 05/03/2007, que non formula alegacións.*

*Informe do Servizo de Parque Móbil, de data 02/10/2007.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión en calquera dos bens ou dereitos do afectado, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, existindo unha relación de causa a efecto entre a actuación administrativa e o resultado danoso.
- Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio do Sr. Díaz, que queda acreditado coa presentación dunha factura de reparación dos danos sufridos no seu vehículo emitida por un taller mecánico.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista encargado do mantemento do túnel onde ten ocorrido o accidente.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración. Así entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81. a LALG). A Administración, neste caso o contratista ó xestionarse de forma indirecta o mantemento do túnel donde ten acaecido o accidente, ten o deber ineludible de manter estas vías públicas de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen (artigo 57 LTr), o que implica o recoñecemento á favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración, ou no seu caso o contratista, resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos automobilistas nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos mesmos, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo automobilista e o deficiente funcionamento do servizo público.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 12 de xullo de 2004, acordou adjudicar á Unión Temporal de empresas formada por Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento, S.A. e Equipos de Señalización y Control, S.A. (U.T.E IMES S.A./ESYCSA o servizo de mantemento dos túneis. Este contrato ten un prazo inicial de dous anos, prorrogable por períodos anuais ata un máximo de dous prórrogas, computados a partir do día 1 de setembro de 2004. Contrato que estaba vixente no momento do accidente.

O contratista ten a obriga de indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato (artigo 97.1 LCAP). Principio reiterado na cláusula XIX.1. c) do Prego de condicións administrativas para a contratación mediante concurso da prestación dos servizos de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneis e pasos inferiores da cidade de Vigo, segundo o cal o contratista ten a obriga de responder dos danos e perdas que se ocasionen con motivo da execución do servizo, tanto a Administración municipal como a terceiros. Neste senso, a responsabilidade da Administración decaerá ó quedar acreditado que a circunstancia xeradora do dano é imputable a un terceiro, a empresa contratista.

No presente suposto o reclamante sinala como causa do accidente a existencia dunha focha na entrada do túnel. No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábeis economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse ó reclamante para que aportase os datos da presunta testemuña presencial dos feitos ós efectos de practicar a correspondente proba testifical. Sen embargo, o Sr. Díaz non aportou estes datos, polo que non foi posible efectuar esta proba. A falta de testemuñas, dirixiuse ó servizo de electromecánicos e a empresa concesionaria por se tiveran constancia dos feitos. Sen embargo, nin o departamento municipal nin a concesionaria teñen noticias dos presuntos feitos.

Podemos concluír tras o exame da proba practicada durante a tramitación do presente procedemento que o único feito probado é que o Sr. Díaz cambiou unha roda e aliñou a dirección do seu vehículo o día 11 de abril de

2006, máis non acreditou que o cambio se debese a un reventón por mor da existencia dunha focha no túnel de beiramar. Dado que o Sr. Díaz como proba límitase a aportar unha factura dun taller mecánico que únicamente fai proba de que o seu vehículo nesa data presentaba determinados danos, pero non os vincula co deficiente funcionamento do servizo de mantemento do túnel, a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Díaz Santos en nome e representación de D. Manuel Díaz Albitos, en data 17 de abril de 2006, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(1032).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. FLORA CAMESELLE JORGE DE RESPONSABILIDADE POR DANOS. EXPTE. 1459/243 DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.06.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).
- Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).

*Antecedentes:*

D<sup>a</sup>. Flora Cameselle Jorge presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de febreiro de 2007, polos danos e prexuízos consecuencia dunha caída sufrida o día 9 de febreiro do mesmo ano cando camiñaba pola Avenida Castelao, á altura do Centro Comercial Coia 4 por mor da existencia de lousas levantadas na beirarrúa.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 09/02/2007.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 14/03/2007.
- Informe da mercantil Xestión Ambiental de Contratas S.L., empresa contratada polo Concello para a realización de obras de remodelación de beirarrúas nesa Zona.

- *Ditames médicos de valoración de dano corporal, de datas 21/05/2007 e 23/11/2007.*
- *Evacuouse trámite de audiencia á reclamante, en data 31/03/2008, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Cameselle, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa.*

*Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sra. Cameselle procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre este dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*O dano prodúcese no marco dunha actividade da Administración, aínda que tal actividade é asumida por un contratista, polo que é preciso deslinda-la imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsable do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) . Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois estima que a causa da súa caída foi a existencia de lousas levantadas na beirarrúa. No suposto que nos ocupa hai que ter en conta o dato de que na zona onde ocorreu o accidente se estaban levando a cabo obras de remodelación da beirarrúa, obras para cuxa realización o Concello contratou a mercantil Xestión Ambiental de Contratatas S.L. A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputable a un terceiro, neste caso, a empresa contratista. Neste senso, o noso ordenamento impón ó contratista a obriga de indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato (artigo 97.1LCAP).*

*É preciso ademais recordar que a doutrina xurisprudencial admite entre as circunstancias que poden romper o nexo de causalidade tanto a intencionalidade da vítima como a negligencia desta na produción do dano sempre que teñan sido determinantes da existencia da lesión (STS de 15 de decembro de 1997, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6ª). A carga da proba destas circunstancias correspondería, no seu caso á Administración. No presente caso Xestión Ambiental de Contratatas S.L. manifesta que “na zona onde se estaban executando as obras existían dos carteis de paso prohibido as persoas alleas a obra. As zonas perigosas ó tráfico peonil estaban totalmente valladas (...) As zonas habilitadas para tráfico peonil non revestían maior dificultade que outra zona non afectada polas obras, polo que se supón que a caída foi resultado da pouca pericia do peón”, alegacións que non foron rebatidas pola reclamante no trámite de audiencia evacuado unha*



vez finalizada a instrución do expediente (artigo 84 LRJAP), o que induce a pensar que esta de acordo coas mesmas.

Por último, é preciso resaltar que para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente, resultando que ós axentes da Policía Local acuden ó lugar dos feitos á instancia da Sra. Cameselle unha vez que o accidente xa tiña acaecido e non foron testemuñas presenciais do mesmo, limitáronse a recoller as manifestacións da reclamante sobre os feitos. Dado que os axentes non foron testemuñas presenciais so poden dar fe da realidade das lesións máis non da causa da mesma. Á vista destes datos, tras o exame da proba practicada no curso da tramitación do expediente, a informante conclúe que se ben non existe dúbida da caída da Sra. Cameselle, non é posible determinar que a mesma se debese a existencia dunhas lousas levantadas na beirarrúa, tal e como afirma a reclamante, e non a calquera outra causa, non resultando posible vinculala ó funcionamento anormal do servizo viario municipal. Non existe, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento de ningún servizo público de esta Administración.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. Flora Cameselle Jorge, en data 16 de febreiro de 2007, polos danos e prexuízos consecuencia dunha caída sufrida o día 9 de febreiro do mesmo ano por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1033).- PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRACTICAS PREPROFESIONAIS. EXPTE. 18291/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 2.06.08, conforamdo pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre D Carlos Lopez Font, Concelleiro delegado de Area de Xestión Municipal do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 2 de xullo de 2007 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007 e D Ivan C. Area Carracedo, Vicerrector de Relacións Institucionais para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos de dita Universidade, ó obxecto de completar a súa formación.

2º.- Todos los gastos derivados da realización das prácticas deberán ser asumidos integramente pola Universidade de Vigo. En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos o perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenrolo do mesmo.

3º.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

#### CONVENIO DE COOPERACION EDUCATIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PREPROFESIONAIS

Vigo, de de .

#### REUNIDOS

*Dunha parte, o Sr. D. Alberto Gago Rodríguez, reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 96/2006, do 8 de xuño (DOG nº 115, do 16 de xuño de 2006), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica de Universidades 6/2001, do 21 de decembro (BOE nº 307, do 24 de decembro de 2001) e o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (DOG, nº. 237, do 5 de decembro de 2003).*

*E doutra ,o Ilmo Sr D Abel R. Caballero Alvarez, Alcade Presidente do Concello de Vigo, en representación do Concello de Vigo con enderezo social na r/ Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF. P 3605700H , en virtude do nomeamento plenario de data 14 de xuño de 2007, e segundo as facultades que lles confire ao alcalde do Concello de Vigo, o artigo 21 da lei 7/1995, do 2 de abril reguladora das bases de reximen local*

*Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal suficiente para a celebración deste convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas preprofesionais entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, polo que*

#### EXPOÑEN

*O interese de ambas as dúas entidades en facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas das empresas, para conseguir profesionais cunha visión real dos problemas, preparando a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.*

*Con este fin, e ao abeiro do establecido no R.D. 1497/81 sobre programas de cooperación educativa, modificado polo R.D. 1845/94, na Lei orgánica 6/2001 de Universidades e disposicións complementarias, acordan establecer un convenio de cooperación educativa sometido ás seguintes*

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA.- OBXECTO DO PROGRAMA

*O obxecto deste convenio é a regulación dun programa de prácticas preprofesionais entre a Universidade de Vigo e Concello de Vigo para facilitar a preparación para o exercicio profesional dos/as estudantes en áreas operativas do Concello de Vigo relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo, promovendo así o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos/as futuros/as titulados/as universitarios/as.*

##### SEGUNDA.- CENTROS AFECTADOS

*Este programa está dirixido ao alumnado das escolas ou facultades da Universidade de Vigo.*

### *TERCEIRA.- COMISIÓN PARITARIA*

*En cada un dos centros participantes nestes programas existirá unha comisión paritaria de relacións universidade-empresa, na que haberá un rexistro onde se inscribirá o estudantado interesado en formar parte dos programas*

*Esta comisión estará integrada por dous membros de cada entidade, onde constarán obrigadamente os/as titores/as de prácticas nomeados/as polo centro e máis pola empresa.*

*A comisión realizará as reunións que considere oportunas para avaliar o progreso formativo do estudantado e resolver as cuestións que xurdan no desenvolvemento dos programas e, como mínimo ao comezo e ao remate do período de prácticas.*

*Para a regulación dos aspectos non especificados neste convenio e que poidan afectar o desenvolvemento das prácticas preprofesionais, ambas as partes poden crear un procedemento onde se especifiquen estas cuestións.*

### *CUARTA.- PROCESO DE SELECCIÓN*

*Para poder optar á convocatoria, cada estudante deberá atoparse nalgún dos seguintes supostos:*

- Estar matriculado/a nalgunha das facultades ou escolas da Universidade de Vigo e ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título universitario.*
- No caso de ensinanzas con planos de estudo anteriores á data de implantación dos novos plans, artigo 28.1 da Lei orgánica 11/1983 de 25 de agosto, deberá estar matriculado/a nos dous últimos cursos (ben sexa curso completo ou disciplinas soltas).*
- Estar elaborando o proxecto de fin de carreira.*

*A Oficina de Orientación ao Emprego (OFOE) realizará unha convocatoria pública nos centros universitarios afectados na que se indicará o número de estudantes de prácticas e as condicións da práctica preprofesional.*

*A preselección do/a estudantes en prácticas será realizada pola Oficina de Orientación ao Emprego (OFOE), co obxecto de garantir os requisitos legais que a normativa reguladora deste convenio establece.*

*A selección do/a estudante en prácticas será realizada pola Universidade de Vigo, garantindo que os/as seleccionados posuen a formación básica necesaria para o desenvolvemento axeitado das prácticas.*

*En calquer caso a relación de alumnos /as admitidos en prácticas deberá contar coa conformidade expresa do Concello de Vigo, debendo acreditar a correspondente matriculación do alumno.*

### *QUINTA.- XESTIÓN DE PRÁCTICAS PREPROFESIONAIS*

*A tramitación, xestión e difusión das prácticas preprofesionais será responsabilidade da Universidade de Vigo a través da Oficina de Orientación ao Emprego (OFOE).*

### *SEXTA.-PROGRAMA DE PRÁCTICAS PREPROFESIONAIS*

*O programa de prácticas preprofesionais no Concello de Vigo cumprirá as seguintes características:*

- A duración das prácticas axustarase á lexislación vixente e á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade.*
- O período de realización das actividades obxecto do presente convenio desenvolveranse de luns a venres, durante o período de vixencia do mesmo.*

- O horario de prácticas procurará, en todos os casos, a adaptación cos horarios lectivos para que o alumnado teña as maiores facilidades na súa práctica preprofesional e na continuación dos seus estudos, de xeito que os días que o/a alumnado/a teña que realizar algún exame na Universidade de Vigo, co aviso previo e xustificación da súa realización a posteriori ante a empresa ou entidade, quede exento das prácticas dese día.
- Na realización das prácticas poderanse establecer quendas rotativas co obxecto de que o alumnado poida coñecer máis dunha área da empresa.
- O Convenio de cooperación educativa poderá asinarse ao longo do curso académico, no transcurso do cal a empresa/entidade (pública ou privada) poderá ofrecer prácticas preprofesionais.

#### SÉTIMA.-SEGURO

A Universidade de Vigo subscribiu un seguro complementario ao seguro escolar. O risco que ampara é o de accidentes, entendendo como accidente a lesión corporal derivada dunha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do/a asegurado/a.

#### OITAVA.-DESENVOLVEMENTO DO CONVENIO

As condicións que desenvolven este convenio están suxeitas a uns mínimos, establecidos pola Universidade de Vigo, que se especificarán en cada convocatoria e na normativa complementaria en vigor, desenvolvida por esta universidade, e que previamente será dada a coñecer á empresa ou entidade.

#### NOVENA CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

Este convenio non supón gasto ningún para a Universidade de Vigo nin para o Concello de Vigo, razón pola que non se precisa consignación.

En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias da Casa do Concello de Vigo

#### DÉCIMA.-.- CERTIFICADOS

Ao final do período de prácticas, logo do pedimento do/a estudante, expedirase unha certificación individual, asinada conxuntamente polas dúas entidades, con mención expresa da(s) especialidade(s) ou área(s) onde se desenvolveu a práctica preprofesional e as tarefas realizadas.

Igualmente, os/as profesionais que participen neste labor como titores/as terán a consideración de colaboradores/as nos programas de cooperación educativa e poderán obter o certificado correspondente se o solicitan expresamente.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.-PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

**DÉCIMO SEGUNDA.-DISPOSICIÓN COMÚN**

*De conformidade co establecido na normativa na que se fundamenta este convenio de cooperación educativa, o período de prácticas non constitúe, baixo ningún concepto, relación laboral entre o alumnado e o Concello de Vigo nin coa Universidade de Vigo.*

**DÉCIMO TERCEIRA.-FINAL**

*Este convenio entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá unha duración dun ano, prorrogándose automaticamente por igual período de tempo, salvo que algunha das partes o denuncie, cunha antelación mínima dun mes, á data do seu vencemento.*

*Por circunstancias especiais e xustificadas, que fixesen difícil a continuación do período de prácticas, o Concello de Vigo estará facultada para anular ou suspender o compromiso adquirido neste convenio de cooperación educativa en calquera momento do período de estadía de prácticas preprofesionais.*

*As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. Os conflitos que poidan xurdir polas partes e que non poidan ser resoltas na comisión mixta someteranse á resolución da Xurisdición Contencioso-Administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.*

*E en proba de conformidade, asínase o presente convenio en exemplar triplicado no lugar e data indicados ao comezo.*

**16(1034).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO CASCO VELLO E NO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS:**

A) RÚA FERRERÍA 37. EXPTE. 44/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 10.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, do 10.06.08, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmoel localizado en R./ FERRERIA 37, a Antonio González Losada con NIF. 34478732F das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 08 de novembro de 2007 (9ª Fase) anualidade 2010 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MV
Antonio González Losada	R./ FERRERIA 37, 0º	34478732F	88.198,50	7.000,00	7.000,00	3.000,00	4.000,00
Antonio González Losada	R./ FERRERIA 37, 1º	34478732F	88.198,50	19.000,00	19.000,00	7.000,00	12.000,00
Antonio González Losada	R./ FERRERIA 37, 2º	34478732F	88.198,50	19.000,00	19.000,00	7.000,00	12.000,00
Antonio González Losada	R./ FERRERIA 37, 3º	34478732F	88.198,50	19.000,00	19.000,00	7.000,00	12.000,00
		TOTAL	352.794	64.000	64.000	24.000	40.000

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Antonio González Losada as axudas propostas do cadro que serán financiadas polo Ministerio de Vivenda e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades do cadro axunto.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

B) RÚA SAN BERNARDO 5. EXPTE. 344/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 10.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, do 10.06.08, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación dos elementos comúns do inmoebel localizado en R./ SAN BERNARDO 5, a Cándido Juncal con NIF. 35877996C das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 08 de novembro de 2007 (9ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP	CVS	MV
Cándido Juncal	R./ SAN BERNARDO 5, 0º -	35877996C	2.353,91	7.000	1.647,73	706,17	941,56
Cándido Juncal	R./ SAN BERNARDO 5, 1º -	35877996C	2.353,91	7.000	1.647,73	706,17	941,56
Cándido Juncal	R./ SAN BERNARDO 5, 2º -	35877996C	2.353,91	7.000	1.647,73	706,17	941,56
Cándido Juncal	R./ SAN BERNARDO 5, 3º -	35877996C	2.353,91	7.000	1.647,73	706,17	941,56
Cándido Juncal	R./ SAN BERNARDO 5, 4º -	35877996C	2.353,91	7.000	1.647,73	706,17	941,56
		TOTAL	11.769,55	35.000	8.238,65	3530,85	4707,8

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Cándido Juncal as axudas propostas no cadro axunto que serán financiadas polo Ministerio de Vivenda e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades descritas.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **17(1035).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DO CALVARIO FASE I (RÚA ARAGÓN). EXPTE. 54498/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación de data 18.06.08, fiscalizada con data 23 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a Hidroscivil, S.L o concurso aberto para a contratación da execución das obras de humanización do contorno do Calvario rúa Aragón (Expte 54498-250), por un prezo de 367.406,84 euros, un prazo de garantía da obra de 66 meses, un prazo de execución de 2 meses e 2 semanas e un importe destinado ó control de calidade de 10.868,10 euros. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno do 07,04,2008 e a oferta presentada

**18(1036).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ABASTECIMENTO DO ALTO DE CABRAL E CANDEAN FASE II. REDE DE DISTRIBUCIÓN. EXPTE. 54664/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación de data 20.06.08, fiscalizada con data 26 do mesmo mes, coa conformidade do interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a Aqualia Infraestruturas, S.A. o concurso aberto para a contratación da execución das obras de abastecemento do alto de Cabral e Candean Fase II. Rede de distribución (Expte 54664-250), por un prezo de 318.984,12 euros, un prazo de garantía da obra de 192 meses, un prazo de execución de catro meses e medio e un importe destinado ó control de calidade de 3.182,34 euros. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 17.03.2008 e a oferta presentada

**19(1037).- BASES PARA NOMEAMENTO INTERINO DUN TÉCNICO/A MEDIO DE BIBLIOTECAS POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 18311/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 12.06.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e máis polo concelleiro delegado, e visto o informe da Intervención Xeral de data 25 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a interino por acumulación de tarefas, como Técnico/a Medio de Bibliotecas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía

administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

## ANEXO

### BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA TÉCNICO/A MEDIO/A DE BIBLIOTECAS”

#### I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do título de Diplomado Universitario ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza de técnico medio bibliotecas, segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das



persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

## II.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

## III.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a estas bases. O número de preguntas non poderá ser inferior a corenta, e a duración da proba será fixada polo Tribunal antes de inicia-lo exercicio.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o/a opositor/a que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá na redacción dos asentos bibliográficos de dúas monografías impresas. O asento constará de:

- Catalogación dacordo coas *Reglas de catalogación*. Ed. nuevamente rev. Madrid : Ministerio de Cultura, Centro de Publicaciones, 1999 (preferentemente esta edición).
- Descrición bibliográfica en *Formato IBERMARC para registros bibliográficos*. 6ª ed. Madrid : Biblioteca Nacional , 2001 (preferentemente esta edición).
- Encabezamentos de materias que se redactaran dacordo coa *Lista de encabezamientos de materia para las bibliotecas públicas*. 2ª ed. Madrid : Dirección General del Libro y Bibliotecas, D.L. 1995 (preferentemente esta edición).

As/os aspirantes á proba deberán vir provistos da bibliografía referenciada.

Proporcionarase a cada aspirante formularios para cumprimentar a descrición bibliográfica e xogo de fotocopias das páxinas representativas das monografías a catalogar.

O tempo para a realización deste exercicio será dun máximo de 90 minutos.

Avaliarase de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, a Comisión de Valoración propondrá o/a candidato/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para o seu nomeamento como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas.

#### IV.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

#### V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase nun dos diarios de mais difusión deste Concello, por motivos de axilidade. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello os lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no BOP.

#### VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

- Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

- Un funcionario/a de carreira deste Concello, integrado no subgrupo A2 de titulación, con título de Diplomado/a Universitario/a ou equivalente, que comparecerá en todo caso a título individual.
- Dous funcionarios/as do Concello de Vigo integrados no subgrupo A2 de titulación, que dispoñan do título de Diplomado/a Universitario/a ou equivalente, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a da Unidade de Persoal do Concello, con funcións de apoio ao Tribunal Cualificador e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino polas circunstancias previstas nos apartados b), c) e d) do artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008).

## T E M A R I O

### BLOQUE I: PARTE XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 3.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadroamento.
- Tema 4.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 5.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.

### BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- Tema 1.- Concepto e misión da biblioteca. Clases de bibliotecas.
- Tema 2.- Adquisición de fondos. Procedementos de incremento dos fondos bibliotecarios.
- Tema 3.- Proceso técnico de fondos bibliotecarios: catalogación, normalización e formato MARC.
- Tema 4.- Os catálogos. Concepto, evolución e tendencias actuais de recuperación da información.
- Tema 5.- Linguaxes documentais e indización. Descritores, tesauros e encabezamentos de materias.
- Tema 6.- Sistemas de clasificación bibliográfica: concepto e tipos de sistemas.
- Tema 7.- Servizos aos usuarios: orientación e atención; información e referencia bibliográficas.
- Tema 8.- Acceso aos fondos bibliotecarios: consulta, acceso directo, préstamo e préstamo interbibliotecario.
- Tema 9.- A colección local nas bibliotecas. Organización e servizos.
- Tema 10.- Lexislación do Estado en materia bibliotecaria e lexislación da Comunidade Autónoma de Galiza en materia bibliotecaria.

**20(1038).- BASES PARA NOMEAMENTO INTERINO DUN TÉCNICO/A OPERADOR/A DE INFORMÁTICA. EXPTE. 18308/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 13.06.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e máis polo concelleiro delegado, e visto o informe da Intervención Xeral de data 25 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a interino por acumulación de tarefas, por un período máximo de seis meses, como Operador de Informática, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

**BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN OPERADOR/A DE INFORMÁTICA**

**I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL**

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do título de Graduado Escolar, FP-1º Grao ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

## II.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

### III.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a estas bases. O número de preguntas non poderá ser inferior a vinte, e a duración da proba será fixada polo Tribunal antes de inicia-lo exercicio.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver un suposto práctico relacionado co temario, que pode constar de varios exercicios, no tempo de realización que acorde o tribunal cualificador.

Avaliarase de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, a Comisión de Valoración propondrá o/a candidato/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para o seu nomeamento como funcionario interino por acumulación de tarefas.

### IV.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

### V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase nun dos diarios de mais difusión deste Concello, por motivos de axilidade. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello os lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no BOP.

## VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

- Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

- Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

-Un funcionario/a de carreira deste Concello, integrado no subgrupo C2 de titulación, con título de Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous funcionarios/as do Concello de Vigo integrados no subgrupo C2 de titulación, que dispoñan do título de Graduado Escolar, FP 1º Grao ou equivalente, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a da Unidade de Persoal do Concello, con funcións de apoio ao Tribunal Cualificador e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino polas circunstancias previstas nos apartados b), c) e d) do artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008).

## T E M A R I O

### BLOQUE I: PARTE XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 3.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.

### BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- Tema 1.- S. O. LINUX  
Instalación; Sistemas de ficheiros; Xestión de espazo en disco; Montar/Desmontar dispositivos; Xestión de logs; Xestión de arquivos; Compartición de ficheiros con SMB.
- Tema 2.- S. O. LINUX  
Instalación de paquetes con RPM; YUM; Repositorios; Configuración da Rede. Dispositivos de impresión.
- Tema 3.- S. O. LINUX  
Comandos de Xestión do Sistema, Xestión de procesos; Creación de usuarios; Rendemento do Sistema; Estrutura básica de directorios do sistema.
- Tema 4.- S. O. WINDOWS  
Instalación de software; Configuración de dispositivos; Compartición de carpetas; Configuración da rede.
- Tema 5.- S. O. WINDOWS  
Aregar ou quitar programas; Aregar novo hardware; Ferramentas do Sistema; Administrador de tarefas; Configurar impresoras.
- Tema 6.- Redes  
Configuración de usuarios; TCP/IP; equipamentos de rede: Switches, routers, firewalls.
- Tema 7.- Redes  
Comprobación de rendemento e funcionamento da rede; Detección de avarías básicas e resolución das mesmas.
- Tema 8.- Comunicacions de voz: Centraliña telefónica Ibercom; Terminais; Facilidades: Desvíos, Grupos, Conferencia múltiple, sígame...etc.
- Tema 9.- Seguridade informática:  
Normas e regulamentos; Instalación e configuración de sistemas antivirus nos usuarios; detección e limpeza de virus; antivirus.



- Tema 10.- Novas tecnoloxías:  
Internet: Instalación, configuración. Correo electrónico: Instalación e configuración.  
Navegadores, buscadores. FTP.
- Tema 11.- Open Office:  
Ferramentas de configuración; Configuración do idioma e dos dicionarios;  
Configuración Base de datos.
- Tema 12.- Open Office WRITER:  
Diferencias con Word; Formateado de texto; Combinación de correspondencia;  
Estilos.
- Tema 13.- Open Office CALC:  
Diferencias con Excel; Uso de fórmulas; Formateado de celdas.
- Tema 14.- Mantemento de Pcs e Impresoras:  
Detección de avarías; Tipos de avarías; Resolución de avarías; Rexistro de avarías.

**21(1039).- BASES PARA A COBERTURA INTERINA DUNHA PRAZA DE PROGRAMADOR/A DE INFORMÁTICA. EXPTE. 18307/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 12.06.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e máis polo concelleiro delegado, e visto o informe da Intervención Xeral de data 25 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia na provisión con carácter interino dunha praza de programador/a de informática, encadrada no subgrupo C1 de titulación (antigo grupo C), escala de Administración especial, subescala servizos especiais, motivada nas necesidades do Servizo de Informática, onde se encadra unha praza vacante e o correspondente posto de traballo con idéntica denominación.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

**BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO DUNHA PRAZA VACANTE DE PROGRAMADOR/A DE INFORMÁTICA”**

**I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL**

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do título de Bacharelato Superior, FP-2º Grao ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de

concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

## II.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

## III.-EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a estas bases. O número de preguntas non poderá ser inferior a vinte, e a duración da proba será fixada polo Tribunal antes de iniciar o exercicio.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver un suposto práctico relacionado co temario, que pode constar de varios exercicios, no tempo de realización que acorde o tribunal cualificador.

Avaliarase de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

O Tribunal poderá acordar a lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, nomearase funcionario/a interino/a o/a aspirante que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas.

#### IV.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 10 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

#### V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase no BOP. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello os lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no BOP.

#### VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

- Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

- Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en

relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

- Un funcionario/a de carreira deste Concello ou de calquera outro concello da provincia, integrado no subgrupo C1 de titulación, con título de Bacharelato Superior, FP-2 ou equivalente, que comparecerá en todo caso a título individual.
- Dous funcionarios/as do Concello de Vigo integrantes no subgrupo C1 de titulación, que dispoñan do título de Bacharelato Superior, FP2 ou equivalente, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a da Unidade de Persoal do Concello, con funcións de apoio ao Tribunal Cualificador e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

## VII.- NOMEAMENTO

O/a aspirante proposto/a será nomeado/a funcionario interino/a, cesando automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza ás que se adscriba ó/á interesado/a previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque e, no que necesariamente deberá incluírse a mesma, nos termos dispostos no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

O/a candidato/a nomeado/a percibirá as retribucións correspondentes á praza de Programador/a Informática, cód. 98, encadrado no subgrupo C1, escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, concretadas no posto de traballo de igual denominación (código 113.03) do vixente cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, vacante no Servizo de Informática, partida funcional 121.7, do orzamento vixente.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino (para o caso de producirse novas vacantes) ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008).

### TEMARIO

#### BLOQUE I: PARTE XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 3.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- Tema 4.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 5.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicaci3ns e notificacións.

#### BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- 1.- Linguaxe SQL estándar: Estructura básica, operacións, funcións, subconsultas, relacións, vistas e modificación de datos. Linguaxe de definición de datos.
- 2.- Linguaxe PHP: Referencia básica; clases e obxectos; seguridade; funcións básicas de matrices e cadeas; xestión e manipulación de arquivos; acceso a bases de datos (MySQL, ODBC).
- 3.- Base de datos Informix: Formularios SQL; informes; consultas; actualizacións. Administración e seguridade.
- 4.- Informix SQL: Creación de táboas; inserción, borrado e alteración de datos; importación e exportación de datos.
- 5.- Base de datos MySQL: Manipulación de datos; creación de táboas; comandos de administración; importación e exportación de datos; sistemas de seguridade.
- 6.- Follas de Cálculo (MsExcel, Calc): Programación de macros; fórmulas. ratamento avanzado dos datos: filtros, consolidacións, táboas dinámicas, busca de obxectivos, etc.

- 7.- Xeración de Informes desde MsAccess, Cristal Reports, Informix, MySQL.
- 8.- Sistema Operativo Windows 2003: Usuarios; dominios; administración; sistemas de arquivo; redes; Compartición de recursos.
- 9.- Sistema operativo Linux: Usuarios; sistemas de arquivos; directorios; seguridade, Comandos de administración. Edición e manipulación de datos.
- 10.- Nóminas: Conceptos salariais: Salario base, complementos salariais, conceptos consolidables; normas de tributación aplicables; deducións do salario.
- 11.- Cotización á Seguridade Social: Bases de cotización; tipos e cotas de cotización; a incapacidade temporal.
- 12.- Cotización á Seguridade Social: Bonificacións e reducións; Boletíns de cotización. O sistema RED: Modalidades de pago e prazos; a Winsuite.
- 13.- Retencións de IRPF: Determinación da cota e o tipo; regularizacións; modelos para a AEAT.
- 14.- Contratos de traballo: Tipos de contratos, requisitos e modelos. Programa de fomento do emprego.
- 15.- Xestión de Persoal na Administración Local: A plantilla; a RPT; as simulacións orzamentarias; o Capítulo I dos orzamentos.

**22(1040).- AULAS INTERNACIONALES. PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (PILI). CONVOCATORIA 2008. EXPTE. 9643/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do xefe do servizo de Educación e o conforme da concelleira delegada de Educación, de data 13 de xuño, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILI)-Convocatoria 2008, dentro do programa municipal de AULAS INTERNACIONAIS.
2. Aprobar a Convocatoria de bolsas para a participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILI) dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros públicos de Vigo no curso 2007-2008.
3. Aprobar as Bases para a creación do directorio de empresas homologadas para prestar servizos de inmersión en lingua inglesa dentro do Programa municipal PILI-Convocatoira 2008.
4. Aprobar a autorización de gasto de 200.000 euros con cargo á partida 4220 489 00 00 “Becas inglés estadias no estranxeiro” para a cobertura das 100 becas de 2.000 euros contemplados na citada convocatoria.

**23(1041).- CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA REMODELACIÓN DO EIXO DAS RÚAS ELDUAYEN E PASEO DE ALFONSO. EXPTE. 4247/307.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 20 de xuño de 2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Excluír da licitación a oferta presentada por Noroeste de Arquitectura e Ingeniería, S.L por non acreditar a solvencia técnica na forma esixida no apartado 14 da folla de características do contrato xa que non presentou titulación do responsable de control topográfico e tampouco presentou certificados de boa execución de contratos similares ó obxecto do contrato.

Segundo.- Adxudicar a Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais, S.L, o concurso aberto para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución da remodelación do eixo das rúas Elduayen e Paseo de Alfonso (Expte 4247-307), por un prezo de 153.000 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno do 14-04-2008 e a oferta presentada ”

**24(1042).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Xulio Calviño Rodríguez.